



A Virxe de Guadalupe/A rianxeira

A Virxe de Guadalupe
cando vai pola ribeira.
A Virxe de Guadalupe
Cando vai pola ribeira
descalciña pola area
parece unha rianxeira. (Bis)

Ondiñas veñen, ondiñas veñen,
ondiñas veñen e van,
non te embarques rianxeira,
que te vas a marear. (Bis)

A Virxe de Guadalupe
cando vai para Rianxo.
A Virxe de Guadalupe
cando vai para Rianxo
a barquiña que a trouxo
era de pau de laranxo.
A barquiña que a trouxo
era de pau de laranxo.

Ondiñas veñen, ondiñas veñen.. (Bis)

A Virxe de Guadalupe
Que a fixo moreniña.
A Virxe de Guadalupe
que a fixo moreniña
foi un raiño de sol
Que entrou pola ventaniña
Foi un raiño de sol
Que entrou pola ventaniña.

Ondiñas veñen, ondiñas veñen...(Bis)